



Concello de Moaña


RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA:

REACTIVACIÓN PARCIAL DO SERVIZO NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS

A Resolución da alcaldía 301/2020 do 13 de marzo suspendeu, entre outros, o servizo da Biblioteca Municipal do Centro Cultural Daniel Castelao (Quintela) e das axencias de lectura de Tirán e Domaio ante a declaración de pandemia por Covid-19 por parte da OMS.

Posteriormente, o Real Decreto 463/2020 declarou o estado de alarma para a xestión de crise sanitaria ocasionada por Covid-19 suspendendo, con sucesivas prórrogas, o devandito servizo de biblioteca.

A Orde SND/399/2020 de 9 de maio establece que o noso territorio entra desde o 11 de maio na fase 1 do *Plan para a transición cara unha nova normalidade* na que se permite a apertura de bibliotecas con restrición do servizo e medidas hixiénicas.

O 11 de maio o goberno de Moaña e o comité de persoal acordan o *Plan de Continxencia fronte á Covid-19* no que se establecen as medidas preventivas, técnicas e organizativas, que o Concello de Moaña aplica  obxectivo de garantir a protección fronte ao contaxio de todo o persoal e da veciñanza en xeral.

Considerando que xa se atopan implantadas nas bibliotecas municipais as medidas establecidas no devandito Plan de Continxencia fronte á Covid-19, esta Alcaldía, en base ás atribucións legalmente establecidas

RESOLVE

Primeiro.- Reiniciar desde mañá martes 19 de maio de 2020 un servizo restrinxido na Biblioteca Municipal do Centro Cultural Daniel Castelao (Quintela) e nas axencias de lectura de Tirán e Domaio coas seguintes características:

Medidas organizativas:



Horario reducido: de luns a venres desde as 10:00 ata as 13:00 horas.

- Ofreceranse unicamente os servizos de préstamo e devolución de obras.
- Non se poderán realizar actividades de estudo, lectura en sala nin facer uso dos ordenadores e catálogos destinados a uso público. Así mesmo, as coleccións en libre acceso permanecerán pechadas ao público.
- Para as devolucións de obras habilitaranse caixóns ou buzóns para que os libros devoltos

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104






Concello de Moaña

permanezan en corentena durante 14 días antes de ser manipulados polo persoal da biblioteca.

- Para o préstamo, as obras serán solicitadas polos usuarios e proporcionadas polo persoal da biblioteca. As persoas usuarias só acudirán con cita previa (telefónica ou electrónica) na que solicitarán o libro obxecto de préstamo co fin de minimizar o tempo de permanencia na instalación.

Medidas técnicas:

-  Instalarase un dispensador de xel hidroalcohólico na entrada para que toda persoa usuaria poida desinfectar as mans ao entrar e ao saír do edificio.
- Instalaranse mamparas de metacrilato nos lugares de atención ao público.
- Fixaranse marcas no chan para indicar ás persoas que se dirixan aos postos de atención ao público onde teñen que colocarse para respectar a distancia a mínima de seguridade.
- Habilitaranse caixóns ou buzóns para que os libros devoltos permanezan en corentena durante 14 días antes de ser manipulados polo persoal da biblioteca.
- As persoas usuarias só acudirán con cita previa (telefónica ou electrónica) na que solicitarán o libro obxecto de préstamo co fin de minimizar o tempo que permanecerán na instalación.
- Non se poderá facer uso dos computadores e medios informáticos das bibliotecas por parte das persoas usuarias.
- Os aseos permanecerán pechados para o público. Unicamente poderán ser empregados polo persoal municipal.

Segundo.- Trasladar este acordo ao persoal implicado e dar publicidade do mesmo.

Moaña, 18 de maio de 2020

Leticia Santos Paz, alcaldesa de Moaña. 

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Cod. Validación: 9X97LTNNQFN7C3A25J26EED2D | Corrección: <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2